

## Panorama da Literatura Occitana dos séculos XVII e XVIII

M<sup>a</sup> Carmen Alén

### RESUMO

Neste estudo, Carmen Alén leva a cabo un percorrido pola historia da literatura escrita en occitano. Centra a súa análise no período que seguiu ó Edicto de Villers-Cotterêts (1539), que marcou o inicio da decadencia do occitano en beneficio do francés, que pasou a ser a lingua de uso case exclusivo. Alén dá conta no seu traballo dos xéneros nos que aínda se seguiu cultivando a lingua occitana –poesía pastoril, sátira, fábula, moral, etc.–, así como dos autores que exerceron este cultivo. Por último, faise referencia ós textos políticos escritos en occitano que circularon durante a época da revolución francesa.

### ABSTRACT

In this study, Carmen Alén analyses the history of literature written in Occitan. She concentrates on the period which followed the Edict of Villers-Cotterêts (1539), since this period meant the start of the decline of Occitan and French became the language in almost exclusive use. Alén gives an account of the literary genres which were still used in Occitan, such as the pastoral, the satire, the fable, moral poetry and so on. Finally, Carmen Alén reports on the authors who used Occitan and she refers to the political texts written in this language during the French revolution.

**N**os séculos XVII e XVIII a lingua de Oc estaba en plena decadencia. Tralo edicto de Villers-Cotterêts (1539), a norma escrita occitana fórase perdendo ó mesmo tempo que se adoptaron cada vez máis as convencións gráficas francesas. Sen embargo, ata a Revolución a penetración do francés continuou limitada á lingua escrita, e o occitano continuou a ser a lingua falada polo pobo. Para a maioría da poboación o francés seguía a ser unha lingua estranxeira, e tan só os grupos que participaban na vida política e social do Antigo Réxime dominaban o francés. Será a partir da Revolución, coas posibilidades de ascensión social (ligadas ó coñecemento da lingua nacional), cando, de modo irreversible, o francés comece a instalarse tamén na comunicación oral<sup>1</sup>.

Para os nobres, maxistrados e eclesiásticos dos séculos que nos ocupan, estar lonxe de París era como estar no exilio e en canto lles era posible fuxían de «provincias».

1. Georg Kremnitz, «De l'occitan au français (par le francitan). Etapes d'une substitution linguistique», *Logos semantikos. Studia Linguistica in honorem Eugenio Coseriu*, Madrid e Berlin: Gredos e Gruyter, 1981, V, pp. 187-190.

Moitos occitanos ilustres, pese a que na súa maioría coñecían a lingua de Oc, escribiron en francés e acadaron así un gran renome: Théophile de Viau, François Mainard, Blaise Pascal, Pierre Bayle e Fénelon no século XVII, Montesquieu, o Marqués de Vauvenargues, Rivarol (autor do *Discours sur l'Universalité de la Langue Française*) e André de Chénier, entre moitos outros no XVIII.

O desexo de coñecer a lingua da corte vaise xeralizando no século XVII, e será aínda máis acusado a finais do século XVIII. Cada vez reina con máis forza o gusto polo *beau langage* ou a depuración da fala. Mesmo os que estudian a lingua de Oc dedícanse a facer dicionarios da súa fala para facilitar ós seus compatriotas o coñecemento do francés: Pellas de Achard en Provenza, Béronie no Limousin, o abade Sauvages en Languedoc. Así, por exemplo, en 1766 un tolosano chamado Desgrouais publica *Les gasconismes corrigés*, e expón no prefacio os obxectivos da súa obra:

je veux seulement rendre les gascons attentifs à des gasconismes qui ne leur sont que trop familiers et donc il est important qu'ils se corrigent, s'ils veulent éviter ces petites humiliations auxquelles les personnes qui parlent mal sont exposées, surtout à Paris, où ces expressions impropres ne manquent pas de donner lieu à des railleries dont il est toujours désagréable d'être l'objet»<sup>2</sup>.

Desta situación deriva unha especialización das letras occitanas. O occitano vaise empregar para a propaganda relixiosa, católica popular, folclórica e moralizadora. Vaise cultivar o burlesco, a comedia de costumes a miúdo tosca e os *noël*, pero non se atopan durante estes dous séculos grandes controversias nin debates.

No século XVIII, en definitiva, a literatura francesa vai predominar no Midi. Os occitanos que escriben están integrados na literatura parisina e de Versailles e son alleos ás reivindicacións provinciais. Os escritores en lingua de Oc son só figuras dispersas carentes de contactos. A maioría son eclesiásticos pobres que, se en ocasións expresan a patética situación da lingua, fano sen ánimo reivindicativo e sen poñer en dúbida a supremacía do francés. Son intelectuais que proceden do pobo e que manteñen con el sólidas relacións lingüísticas, pero que foron formados en lingua francesa. Como dato positivo fronte ós escritores franceses da época, destaca o sentimento verdadeiro da natureza e, sobre todo, o coñecemento da realidade popular. Imos atopar nestes dous séculos poetas líricos, de pastorais ou descritivos que lles cantan ó amor, ó gozo ou á pena, á natureza ou ós misterios relixiosos. A crítica social ou relixiosa aparecerá ás veces, pero mesturada e sen poder separarse do burlesco; atoparemos algún que outro poema educativo e moral. O teatro especialízase nas comedias de costumes ou de intriga, nos misterios relixiosos e, sobre todo, nas farsas da gargallada. Por outra banda, abundan todo tipo de cantos: cancións populares, cantigas de peregrinaxe e *goigs*, e innumerables *noëls* (deles falaremos máis adiante).

Coa chegada dos acontecementos nacionais e locais da Revolución Francesa produciuse a eclosión, durante unha decena de anos, de toda unha literatura,

---

2. Desgrouais, *Gasconismes corrigés, ouvrage utile à toutes les personnes qui veulent parler et écrire correctement, et principalement aux jeunes gens dont l'éducation n'est point encore formée*. Toulouse, 1801, p. 7-8 do *Préface*.

didáctica, política ou polémica, revolucionaria e contra-revolucionaria en lingua de Oc. E isto a pesar do rexeitamento do occitano (e das outras linguas faladas en Francia, agás o francés, lingua nacional) manifestado polos revolucionarios e do complexo diglósico xa existente nesa época<sup>3</sup>. Trátase dunha produción escrita que non deixa de sorprenden a filólogos e lingüistas, pola súa importancia cuantitativa (como subliña A. Brun, cando di que en Provence a lingua local, da que non se atopa a máis mínima mostra nos arquivos desde 1600, reaparece en 1789<sup>4</sup>), e pola súa especialización no dominio político, novidade nas letras occitanas.

Sen pretender ser exhaustivos, imos facer brevemente un repaso dos autores e obras máis destacados por xéneros ó longo destes dous séculos<sup>5</sup>:

### Poesía pastoril lírica e descritiva

Destaca un importantísimo poeta tolosano do século XVII: Peire Goudoulin. A súa influencia será decisiva e estenderase por toda Occitania no seu século e no seguinte<sup>6</sup>. A súa obra recóllese en catro *Flouretos* do seu *Ramelet Moundin*, onde se atopan os máis variados xéneros literarios e temas de inspiración<sup>7</sup>. Adopta as formas propostas pola Pléiade e por Malherbe: soneto, oda, estancia, epigrama, canción... e cultiva tamén o xénero popular dos *noèls*. Entre os seus temas atópanse o gozo, a beleza, o ben, o amor, a natureza, a muller, a arte... Escribe en dialecto tolosano ou *moundin*<sup>8</sup>, ó que tamén lle canta e do que se sente orgulloso.

Moitos poetas reciben a influencia de Goudoulin: Jean de Garros, Bertrand Larade, Jean d' Astros, Louis Baron, Gerard Bedout, Dominique Dugay en Gascaña; François Boudet, Grégoire de Barutel, Julien Gemarenc, Gautier, Jean de Valès en Languedoc. Este último, Jean de Valès<sup>9</sup>, amigo e discípulo de Goudoulin, traductor de Virxilio e de Persio, dedicouse ó xénero burlesco e escribiu *Virgile deguizat* e a *Eneido*

3. Vid. Georg Kremnitz, art. cit.

4. A. Brun, *La langue française en Provence de Louis XIV au Felibrige*, Marseille, 1927, p.96.

5. A información recollida procede basicamente de: Robert Lafont-Christian Anatole, *Nouvelle histoire de la littérature occitane*, París: PUF, 1970; Ch. Camproux, *Histoire de la littérature occitane*, París: PUF, 1971; F. Garavini, *La letteratura Occitanica Moderna*, Bologna: Sansoni/Accademia, Le Letterature del Mondo, 1970. E concretamente para o século XVIII: J. B. Noulet, *Essai sur l'Histoire littéraire des patois du Midi de la France au XVIII<sup>e</sup> siècle*, Genève: Slatkine Reprints, 1971 (primeira edición París, 1877) (publicado tamén en artigos co título «Histoire littéraire des patois du Midi de la France au XVIII<sup>e</sup> siècle» na *Revue des Langues Romanes*, de 1874 a 1877, 6 ó 10 e 12: 6, pp. 206-243; 7, pp. 556-572; 8, 179- 215; 9, pp. 60-123; 10, pp. 113-145; 12, pp. 63-81). Tamén se consultaron materiais inéditos dos cursos de literatura de J. Salvat, conservados no colexio de Occitanie de Tolosa.

6. Non imos entrar en detalles da súa vida, e só poderemos resumir moi brevemente a súa obra. Para unha información detallada remitimos ás historias da literatura citadas e, sobre todo, á obra monográfica de Ph. Gardy, *Pèire Godolin, Le Ramelet Moundin et autres oeuvres*, Aix-en-Provence: Edisud, 1984. Pode tamén consultarse: *Pèire Godolin, Actes du colloque international de Toulouse*, Univ. Toulouse-Le-Mirail, 1983.

7. Vid. a edición crítica de Philippe Gardy citada na nota anterior.

8. Sobrenome co que se coñece ós habitantes de Tolosa e á súa fala, que procede de *ramoundin*, 'partidario do conde Raimond IV'.

9. Unha edición comentada da súa obra foi realizada recentemente por Jean Eyguin: Jean de Vales, *Pastorale, psaumes et pieces fugitives*, Montpellier: SFAIEO, 1992. Pódese ademais consultar G. Passerat, «Jean de Valès de Montech (1593-1661). Documents inédits sus sa vie et son oeuvre» in *Pèire Godolin. Actes du Colloque international de Toulouse*, Univ. Toulouse-Le-Mirail, 1983.

*burlesco*. É tamen autor dun longo poema pastoril que canta os amores de Michel e Paulette. No Bas-Languedoc cómpre sinalar un libro de Daniel Sage titulado *Las Foulies d'au Sage de Mounpelié*, onde se atopan odas e sonetos dedicados ós seus protectores, relatos fantásticos, pintorescos ou burlescos, evocacións dos males da vida, pensamentos cristiáns, etc. Un poeta de Nîmes, Jean Michel, adquire unha grande fama gracias a un poema descritivo e burlesco *L'embaras de la fiero de Beaucaire*, de case catro mil versos, nos que fai unha descrición detallada da feira desta vila con grande liberdade de linguaxe. En Provenza destaca Claude Brueys, que publica as súas obras en 1628 co título de *Jardin dey musos provensalos divisat en quatre partidos*.

A decadencia da poesía occitana é aínda máis grande no século XVIII. Se a poesía satírica e as obras teatrais teñen certa riqueza, a poesía lírica produce poucas obras dignas de ser recordadas. Podemos citar, sen embargo, algúns espíritos independentes e curiosos que en Béarn e Provenza teñen unha grande orixinalidade. En Béarn, Cyprien Despouirins (1698-1795) deixou unha trintena de cancións cun só tema: os amores de pastores e pastoras na montaña, descritos de forma idílica. As súas obras foron moi imitadas e tivo unha grande gloria, chegando a cantarse as súas cancións diante de Louis XV. En Provenza Jean de Cabanes (1653-1717) escribiu un longo poema no que relata o cerco da vila de Toulon polo duque de Savoia en 1707 co título de *L'histourien sincere sus la campagno dau duc de Savoyo en Prouvenço*. Da mesma rexión, Toussaint Gros (1698-1748) de Marsella, autor de *Recueil de pousesés prouvençalos* (1734), é considerado como o mellor poeta en lingua de Oc deste século. Escribe poemas superficiais que non carecen de humor, con alusións ós homes e ós feitos da súa época. Non moi lonxe, preto de Arlès, Jean Baptiste Coye (1711-1777) escribe algunhas poesías sen grandes pretensións, nunha lingua e grafía totalmente afrancesada. En Rouergue, atópase a finais do século XVIII un escritor bastante orixinal chamado Claude Peyrot (1709-1795), autor das *Georgiquos patoisos*, que tiveron moito éxito<sup>10</sup>. O interese da súa obra reside en que Peyrot é un home do seu tempo, e do seu país. Como tal rexeita os impostos, fala con medo da guerra con Inglaterra... Por outra banda non cesa de falar da súa Rouergue, das súas xentes, dos seus ríos, do queixo de Roquefort, das lendas locais, dos proverbios, das supersticións, etc. En palabras de Salvat<sup>11</sup>, «Peyrot é un verdadeiro poeta» e «a proba de que cincuenta anos antes do felibrismo, a lingua de Oc estaba ben viva e podía producir obras maestras». Xa nas vésperas da Revolución, Florian fai aparecer a súa nova *Estelle ou Némorin*, romance en occitano do país Cévénol.

## A sátira

### O burlesco

Mentres que en Francia ten o seu florecemento de 1640 a 1660 con Scarron, na literatura occitana o burlesco prolongase ata finais do século XVIII. Cos seus

10. Da súa obra trata Gaston Bazalgues, «Identité, diglossie et provincialisme dans l'oeuvre de Claude Peyrot (1709-1795)», *Revue des Langues Romanes*, LXXXVI, 1, 1982, pp. 75-84.

11. J. Salvat, «Neuf leçons sur la littérature occitane», texto inédito conservado no Collège d'Occitanie de Tolosa.

propios modelos (Valès, Bergoing, Godolin, Despuech), os occitanos prolongan a inspiración burlesca sen que haxa discontinuidade entre os séculos XVII e XVIII. Atopamos este subxénero en tres ramas: a parodia, o poema heroico-cómico, e o xénero bufo.

A parodia máis coñecida é o *Vigilo deguisat* de Jean de Valès. O poeta imaxina que en medio das desordes de Nápoles, en tempos da campaña de Italia na que el toma parte, Virxilio ten que abandonar a sepultura e refuxiarse a carón da armada francesa; alí reconece a Valès e rógalle que o salve disfrazándoo, e conducíndoo así a Tolosa, onde o teñen en grande estima. A *Eneida* foi parodiada por Bergoing de Narbona, D'Estagniol de Béziers, Pasturel de Montferrand en Auvergne no século XVII, e no XVIII polo abade Roby de Limoges. O abade Favre de Montpellier parodia os catro primeiros libros da *Eneida* e a *Odysea* completa. A *Henriade* de Voltaire foi transcrita en versos burlescos por Amable Faucon, de Riom, a finais do século XVIII.

O poema heroico-cómico está representado en lingua de Oc por *La Bourrido dei Dieoux* que publica en 1760 o marsellés Jean-Baptiste Germain. Os deuses, cansados da vida no Olimpo, imaxinan un paseo de pracer pola terra e deciden ir comer a famosa *bourride* (peixe con prebe de allo) nunha fermosa vila marsellesa na casa dun trobador amigo de Apolón. Este poema non carece de calidade na súa concepción, pero está cheo de groserías e a súa lingua é moi vulgar.

As obras simplemente bufonas non faltan; poucos escritores desta época resistiron dedicarse a este xénero: Godolin, Augier Gaillard, Daniel Sage...

## O burlesco satírico

O poeta Jean-Baptiste Coye publica en 1749 *Lou Delire ou La Descente aux enfers*, no que conta a viaxe ó inferno feito nun soño estando enfermo.

O abade Jean Baptiste Favre (1727-1783) é unha das figuras máis curiosas e importantes do século XVIII. A súa obra é variada e abundante. Volveremos falar del, pero aquí interéсанos o seu longo poema heroico-cómico, a medio camiño entre a sátira e o burlesco: *Lou siège de Caderoussa*. A risa provócase nesta obra á costa dunha institución seria, o goberno dos Estados Pontificios no Comtat. O poema conta un feito histórico: en 1709 a vila de Aviñón, que sufría unha epidemia de fame, leva a cabo dúas expedicións contra a localidade de Caderousse, que tiña provisións de abondo; a primeira fracasa e a segunda tén éxito sen derramar sangue. O autor conta estes feitos en clave de humor e con profusión de detalles.

## A sátira propiamente dita

Incluimos neste grupo obras escritas non tanto para rir coma para facer sátiras morais, persoais ou locais, sociais, políticas ou relixiosas.

A sátira personal é abundante, pero ofrece escaso interese, redúcese á ridiculización de curas, coengos, monxas.... Como exemplo pódese citar a un xesuíta, o Père Lacombe, que escribe con bastante destreza un poema titulado *Moulinade*, inspirándose nas *Ursulines* de Gresset e no *Lutrin* de Boileau. Mófase dos coengos de Tulle que se encargan da explotación do muíño propiedade do cabido e das loitas e intrigas que isto provoca. Outras sátiras, contra o Collège de Rhétorique de Toulouse non saen da mediocridade.

As sátiras sociais teñen máis interese. Podemos citar, por exemplo, os textos anónimos que circulan por Tolosa contra as mulleres de mala vida, ou simplemente contra as mulleres, e outros que dirixía Pierre Hélie ás multitudes tolosanas, nos cortexos de Carnaval a principios do século XVIII. Pola súa parte, o gascón Bernard de Saint-Salvy escribe diálogos que critican ós avogados ignorantes, ós maridos vellos que teñen ciúmes, ás mozas lixeiras, etc. En Béarn o abade Puyo escribe en 1768 un poema titulado *La Bertat*, onde desvela con burla os enganos de numerosas familias que, sendo de baixa orixe, queren acceder ós máis altos graos da nobreza. O autor imaxina un soño onde a Verdade se lle aparece en forma dunha nobre dama e lle revela estes enganos.

A sátira política ofrécenos unha peza moi curiosa, *Desordre del Pays-Bas*, do avogado Bonnet, de Béziers, provocada pola revolta do duque de Montmorency en 1632.

A sátira relixiosa foi a máis abundante, aínda que no seu conxunto carece de violencia e de cruexa. A maior parte das veces, os autores son relixiosos que ridiculizan ministros protestantes, franco-masóns. Pierre Claric, un xesuíta nacido en Béziers (1661) e morto en Toulouse (1740), onde ensinaba retórica, escribe un poema duns cincocentos versos titulados *Lous Frères quistous*. O autor fainos asistir a un encontro (do que el é testemuña) nunha praza de Béziers de frades mendicantes de diversas ordes: Agostiños, Capuchinos, Mínimos, Carmelitas etc. Todos están descontentos, insatisfeitos da súa colleita de viño, pero rematan por recuperar a confianza nas súas alforxas. A un deles, sen embargo, gustaríalle ser xesuíta, e gaba o bo sentido práctico da Compañía cunha ironía transparente: os xesuítas só se establecen nun determinado lugar cando todo está ben asegurado. Tamén satiriza ós xesuítas o abade Girardeau (1700-1740) na súa obra *Les Macariennes*, que se inspira na persecución que a compañía de Xesús sufría nesa época en toda Europa: o Parlamento de Bordeos dicta a expulsión dos xesuítas do colexio de Saint-Macaire, que tiña unha capela frecuentada polas damas da rexión. Este poema, ademais das súas cualidades de lingua e estilo, constitúe un documento histórico de primeira orde.

## Moralistas e contistas

Neste grupo, incluímos os autores de obras, en prosa ou en verso, que directa ou indirectamente oriéntanse cara á moral e ó modo de conducirse na vida: moralistas, doutrinarios, haxiógrafos, educadores, fabulistas, autores de contos.

## Moralistas

O gusto de finais da Idade Media polos preceptos e máximas continúa nos séculos seguintes. Un escritor francés dos arredores de Tolosa, Guy du Faur de Pibrac,

publicou en 1574 unha obra titulada *Cinquante quatrains contenant préceptes et enseignements utiles pour la vie de l'homme*, que tivo un gran éxito e substituíu os *Distiques moraux* de Denis Caton, coñecidos co nome de *Catho* ou *Cathonet*. Guillaume Ader (1570-1638), escritor gascón, quixo escribir outro libro que eclipsara a Pibrac, como este fixera co Cathon. Foi o *Catounet Gascon*, que apareceu en Tolosa en 1611 e que contén cen cuartetos cheos de sanas reflexións para xentes sinxelas nos que se percibe a súa profesión de médico habituado ós sufrimentos das xentes. O éxito do libro foi moi grande e fixéronse varias edicións. Pódense tamén citar os *Quatrains tiras de Salomoun* e os *Pensados destacados* do marsellés Toussaint Gros.

## Doutrinarios

Se exceptuamos as traducións de Salmos de Pey de Garros et Arnaud de Salettas, así como algúns poemas sobre aspectos concretos do dogma, un único autor merece ser citado. Arnaud Daubasse (nacido en Moissac en 1657, e morto en Villeneuve-sur-Lot en 1720) escribiu algúns poemas en francés de escaso valor, en occitano son estimables os seus epigramas, as súas cancións (*à boire* ou satíricas) e os seus *Noèls*.

## Haxiógrafos

A haxiografía, tan abundante na Idade Media, perde cada vez máis importancia. Podemos citar a *Historia de Nostra Senyora de Nuria* de Francesc Marès (1666) e un poema de 12.000 versos de Père Grimaud titulado *Le dret cami del cèl dins le pays moundi o la bido del grand patriarcho Sant Benoit*

## Educadores

Encontramos unha obra gascona importante: *Lou Gentilome gascon*, poema en 5 libros ou capítulos de Guillaume Ader, de quen xa falamos. Nesta obra o autor describe, a modo dun verdadeiro *ensenhamen*, o arquetipo do cabaleiro gascón e xentilhome, retrato no que logo se albisca o rostro do herdeiro do trono de Navarra, Henri IV, Rey de Francia. Este libro apareceu en Tolosa en 1610, o mesmo ano en que foi asasinado Henri IV. O longo destes máis de 2500 versos, que son a un tempo *ensenhamen* e epopea, maniféstase con forza o patriotismo, pero non o francés senón o gascón.

Outra obra de interese, que recolle a tradición dos *Sommes* ou *Miroirs* dos séculos XII a XIV, é o *Miral Moundi* (o 'espello tolosano'), publicada en Tolosa en 1781. O poeta (do que se ignora a identidade -¿Sieur Hillet ou Père Napian?-) ten a pretensión de servir de guía moral ós tolosanos mostrando no seu poema (uns 4200 versos), como nun espello, tódolos vicios e perversións que o home pode atopar ó longo da súa vida (dende o nacemento ata a morte). O *Miral* é unha obra ambiciosa e non carente de interese, aínda que non atopemos nela unha sólida argumentación

filosófica ou teolóxica e a pesar de que abunden nos seus versos –escritos en occitano *moundi*– os galicismos. En todo caso, é un bo reflexo dos costumes da sociedade tolosana nas vésperas da Revolución, e en ocasións atópanse escenas e retratos pintorescos e de grande vivacidade<sup>12</sup>.

## Fabuladores

Son de destacar tan só unha ducia de fábulas do marsellés Toussain Gros. Atópanse ademáis traducións en moitos dialectos das fábulas de La Fontaine.

## Contistas

A tradición das *novas* da Idade Media desaparece case por completo, e a penas podemos mencionar algúns contos de Jean de Cabanes ou do abade Vignes de Aix en Provence. Unha soa obra merece ser comentada con detemento, *L'histouèra de Jan l'an pres* escrita polo abade Fabre. Esta novela en prosa conta a vida de Jan (chamado *l'an pres* 'prendérono' porque o seu pai está en galeras), educado nun mundo de trampas, onde a ruína duns fai a fortuna doutros, cheo de malentendementos conxugais, e de rapaces pobres que enganar os gardas das viñas. Denúnciase a inxustiza social de modo simpático e irónico. Este conto, moi próximo da novela picaresca, está considerado como unha obra mestra da prosa de oc<sup>13</sup>.

## O teatro: O teatro relixioso

### Pasións e martirios

Este xénero de misterios continúa e renóvase sobre todo en Cataluña e Roussillon. No país de Oc francés continúanse celebrando os antigos misterios escritos nos séculos anteriores sen compoñer outros novos.

### Pastorais

So foi no século XVIII cando o Nadal foi celebrado con cantos alternos en forma dramática, nos que interviñan anxos e pastores, estes últimos falando en lingua de

---

12. Pódese atopar unha información máis detallada en Ph. Gardy, «Longue durée d'un modèle sociolinguistique ou rupture révolutionnaire: l'idéologie linguistique du Miral Moundi (Toulouse, 1781), *Lengas*, 17, pp. 21-36; e tamén en M.C. Alén, «Formación de palabras en el *Miral Moundi*», in *Actes du Congrès International de l'IEO*, Vitoria, 1993, pp. 639-659, e «Le reflet de Toulouse dans le Miral Moundi», in *Actes du Congrès international de l'AIEO*, Toulouse, en prensa.

13. Pode atoparse un estudio crítico desta obra, e en xeral do seu autor, en *Jean Baptiste Fabre, Histoire de Jean l'an prés. Dossier critique*, Montpellier: CRDP de Montpellier, 1988.

oc e os anxos en francés. Moitas destas obras perdéronse. Merece ser recordada polas súas cualidades literarias a *Pastorale pour le jour de la naissance de Jésus-Christ* do Abbé Favre.

## A comedia

### Pastorais

De orixe italiana, a pastoral introduciuse en Occitania dende principios do século XVII pero converteuse pronto en ópera ou comedia de intriga, que se seguiron a chamar pastorais. A pastoral entra na literatura occitana con Bertrand Larade, que publica tres en *La Muse Gascoue* (1607), onde pastores que non se queren teñen que casar e os que si se aman non poden. Atópanse tamén pastorais no «Teatro de Béziers»<sup>14</sup>: oito das obras deste conxunto poden ser consideradas como tales.

A traxicomedia mitolóxica é o xénero intermedio entre a pastoral e a ópera: hai pastores, pero son deuses. Podemos citar unha peza de Bertrand Larade, *Les amous de Benus et Adonis*, adaptación dunha fábula de La Fontaine. É máis orixinal *Les jugements de Pâris*, do avogado Bonnet no Teatro de Béziers, unha obra onde os deuses falan francés e os personaxes secundarios (un cociñeiro e un pastor) occitano.

Na pastoral insírense ás veces cantos de ópera, xénero que chegou a Francia, importado de Italia, en 1669. En 1678, Nicolas Fizes compuxo unha ópera para divertirse el e a sociedade de elite que frecuentaba; chamouse *L'opera de Frountignan, Obra galoya...* Esta obra merecería un estudio serio desde o punto de vista folclórico e musical. Os aires e as danzas son os da época, e a lingua é o dialecto de Montpellier. Do mesmo xénero e no mesmo dialecto, temos dúas obras do Abbé Favre en prosa, nas que se emprega o verso para os cantos en aires da época. A *Opéra d'Aubais* foi escrita en torno o 1754, e *Lou tresor de Sustanciou* dous anos máis tarde. O tema é o matrimonio de mozos contrariados polos pais. A construción e o estilo destas comedias é tradicional e novo. Favre renuncia ó uso continuo do verso; así atópase máis a gusto para facer falar a personaxes verdadeiros. Mestura a prosa con fragmentos cantados e acaba a obra co que el chama un *vaudeville*, recapitulación en cancións de toda a acción.

Pola mesma época representábase diante de Louis XV unha verdadeira ópera en lingua de Oc, *Daphnis e Alcimaduro*<sup>15</sup>, de J. P. Cassanea de Mondonville. Este autor, nacido en Narbona, era mestre de música da capela do Rei e director de concertos espirituais na Corte. Na cima da súa carreira, en 1754, pensa en escribir unha obra en occitano, que acadou un éxito triunfal e, tras representarse ante o Rei e a corte, traladouse a continuación por toda Occitania. Esta obra, independentemente da súa música, non carece de encanto. Está ademais escrita nun narbonés que non esquece as outras falas languedocianas.

14. Con este nome coñécese un conxunto de antoloxías publicadas en 1628, 1644, 1844 e 1848 co título de *L'Antiquité du triomphe de Béziers au jour de l'Ascension*, que agrupa un gran número de obras representadas en Béziers de 1616 a 1657.

15. Esta obra foi reeditada recentemente: Joan Larzac (ed. crítica e postfati), *Mondovilla, Dafnis et Alcimadura seguit de l'Operà de Frontinhan de Micolau Fizes*, Tolosa: A Tots, 1981.

## A farsa

Hai unha serie de obras que son exclusivamente farsas, en prosa ou en verso, en ocasións obscenas e groseiras. Goudoulin escribiu, a principios do século XVII, unha obra titulada *Passotems de Carmatan, en forma de tragi-coumedio mudo*. Na mesma época, Géraud d'Astros escribiu *La Moundino coumedio*, onde se suceden vulgares escenas domésticas. Tamén se atopan farsas nos *Triumphes* de Béziers, con alusións frecuentes a persoas da vila ou a acontecementos cotiáns. Mesmo aparece en escena o «camelo», animal lexendario en Béziers. En Provenza escribíronse moitas farsas, como as comedias de Gaspar Zerbin recollidas en *La perlo deys Musos et coumedios provensalos* (1665), destinadas a provocar a gargalladas nos días de entroido. Máis valiosas son as comedias de Brueys, que ocupan o primeiro volume de *Jardin deys Musos provensalos* (1628). Brueys está considerado como o iniciador do teatro provenzal moderno. A súa lingua é crúa e dunha comicidade tosca.

## A comedia de intriga

Atópanse poucos cultivadores deste difícil xénero. Sen dúbida destaca Cortète de Prados (Agen, 1586), quen, ademais dalgunhas obras líricas, deixounos tres obras de teatro: *La Miramoundo, pastouralo en lengatge d'Agen, Ramounet ou lou païzan agenes tournat de la guerro* e *Sancho Panço al Palais del Duc. Sancho Panço...* é a posta en escena dun dos episodios do Quixote, onde se utilizan artiluxios teatrais (como un cabalo voador de madeira que estala en fogos de artifício) moi de moda en París, e temas como o do matamouros, dos encantadores, etc. As outras dúas comedias poñen en escena a verdadeiros paisanos (non personaxes idílicos) que sofren os contratempos de amores contrariados. Estamos ante unha comedia de costumes. Ademais, o marsellés J. B. Coye escribiu *Lou Novi parat* (1743) ('O noivo listo para o casamento'), comedia en tres actos que tivo moito éxito.

## A comedia de costumes

Moitas das obras citadas poderían estar neste parágrafo, xa que poñen en escena a personaxes labregos, militares, burgueses..., e nelas atópanse retratos satíricos do médico, dos homes de leis, do labrego... Sen embargo, hai obras que merecen estar precisamente neste apartado. Por exemplo, algunhas pezas do Théâtre de Béziers: *Les plaintes d'un paysan, La Boutade de la mode...* E sobre todo dúas pastorais de Béarn escritas por Henri de Fondenville. *La pastourale deu paisaa qui cerque mestier a soun hil, chens ne trouba a soun grat*, publicada en 1763, mostra un rico labrego que quere facer do seu fillo un letrado que gañe moitos cartos; *La Nabère Pastourale bearnese*, publicada en 1788, fálanos dun patriarca que fai ir onda el por turno a cada un dos seus fillos para que se decidan a escoller un oficio: todos prefiren coidar o gando. En todas estas obras atopamos detalles interesantes da vida no Bearn no século XVIII.

## Os cantos de igrexa

### Os goïgs

Comezan a aparecer no século XIV, nados dos himnos litúrxicos e da poesía cortes. Constitúen a forma máis tradicional da poesía relixiosa. O seu nome vén do latín *gaudium* que dá en occitano *gaug* 'alegría'. Os *goïgs* son poemas lírico-narrativos de varias estrofas que se conservan en todo o territorio lingüístico catalán, de Valencia a Perpignan. Imprimíanse en follas soltas que compraban os peregrinos como recordo e signo de devoción.

### Os cánticos

Conservan unha forma arcaica similar á dos *goïgs*. Hai que destacar a obra de Père Amilia, autor de *Le tableau de la bido del parfet crestia* onde se repasa toda a doutrina: as Verdades, os Sacramentos, as Virtudes...

### Os Noèls

Son cantos de Nadal, ás veces inxenuos e sinxelos e ás veces máis cultos e complicados. Cando son dialogados, a Virxe e os anxos falan en francés e os pastores en occitano. Foron moi abundantes. Os máis antigos foron escritos probablemente no século XVI. En Languedoc destacan os que compuxo Goudoulin (un total de 29), de formas moi variadas. En Provenza, os *noèl* conservan un sabor rústico e popular e xogaron un importante papel na devoción popular (como os *goïg* en Cataluña). Entre os provenzais, podemos citar a Louis Puech, que escribiu *Nouvé di Boumian*, e Domergue, autor de *De matin*. Pero, sobre todo, cabe destacar a Micolau Saboly, que era organista e tivo a idea de compoñer a letra dos *noèl* adaptando aires coñecidos, relixiosos ou profanos.

### Os textos políticos occitanos escritos durante a Revolución Francesa

Durante a Revolución Francesa, e malia a forte represión que sufriron as linguas e dialectos distintos do francés e falados no territorio nacional, multiplicouse a impresión de textos en occitano. Trátase de escritos variados en canto á forma (himnos, cancións, diálogos educativos, cartas, longos poemas narrativos), pero cunha mesma preocupación: os acontecementos sociais e políticos da Revolución. Atópanse diálogos destinados a mostrar e explicar os novos ideais, himnos de exaltación patriótica, discursos revolucionarios, sermóns de curas ós seus fregueses, cancións satíricas. O inventario do texto político desta etapa en lingua de oc foi feito por un grupo de estudiosos composto por H. Boyer, G. Fournier, Ph. Gardy, Ph. Martel, R. Merle y F. Pic, que censaron uns 230 textos na súa obra colectiva

O por qué e para qué destes textos non está moi claro. Segundo algúns autores, constitúen a proba dun aparente paradoxo, pois están escritos en occitano para unha xente que non domina o francés, e que polo tanto non foi alfabetizada e non sabe ler<sup>17</sup>. Hai que supoñer que estes textos se lían en público, pero, aínda así, cabe preguntarse ata qué punto ese pobo analfabeto podía entender un escrito nun occitano sometido ó estilo e á sintaxe do francés. H. Boyer y Ph. Martel<sup>18</sup> dan interpretacións diferentes que se complementan. H. Boyer considera que a impresión e difusión destes textos é un xesto de publicidade. No que concerne ó pobo, explícaselle en occitano e en términos moderados o que a Revolución se xoga e as súas peripecias, pero sobre todo búscase gañalo/conservalo para unha causa, ou polo menos neutralizalo; no que concerne ó letrado, afirmaselle a importancia do seu estatuto bilingüe e do seu lugar na circulación do discurso político; ó ouvinte, pero tamén ó lector, móstraselle que se toma en conta a identidade sociolingüística, que se respecta o «patois» ou o idioma dos habitantes do Midi. Así, obtense unha rendibilidade política en dúas vertentes: a da información (explicar, refutar, convencer, exhortar...) e a da publicidade (afagar, lexitimar, implicar, tranquilizar...). Ph. Martel pregúntase se a información dada en occitano é exactamente igual á transmitida en francés, e chega á conclusión de que non: no caso que el estudia, a información que se facilita en occitano é cualitativa e cuantitativamente inferior á que contén o texto na súa versión francesa. Para este autor, a función destes textos en occitano sería sobre todo de símbolo da pretendida fraternidade dos notables do Tiers e do pobo. Pero a xerarquía das linguas permanecería: dáselle a unha zona de segunda unha información de segunda zona nunha lingua de segunda zona. Deste modo, a contradición é só aparente entre o uso político do occitano, mesmo no campo revolucionario, e a ideoloxía dominante, que fai dos «patois» idiomas informes e incompletos que favorecen o oscurantismo fronte a unha lingua francesa que é a do progreso<sup>19</sup>.

A Revolución, coa súa represión lingüística, non acabou coa expresión escrita en lingua occitana. Continuouse a escribir en occitano durante este período, pero ademais, entre 1800 e 1850, multiplicáronse os escritores en lingua de Oc. A ofensiva revolucionaria contra a lingua de Oc engadúselle o prexuízo de clase e o da unidade nacional, e isto levou ó escritor occitano a renovar a loita do seus prede-

---

16. Ademais desta obra clave, podemos destacar os números monográficos 17 e 18 de *Lengas* (co título *La question linguistique au Sud au moment de la Révolution Française*), publicados en 1988.

17. Este problema foi tratado por en H. Boyer en diversos artigos, por exemplo: «Argumenter en langue dominée: un programme textuel complexe», *Lengas* 18, pp. 299-312 e en «Le patois efficace? Une approche sociopragmatique des mises en texte de la Révolution en langue minorée» in Boyer, H. et alii, *Le texte occitan...*, pp. 443-472. Tamén Ph. Martel lle dedicou varios traballos, entre os que destacamos: «Politique linguistique au Sud à la période révolutionnaire» *Lengas*, 17, pp. 7-10; «Les patois pendant le période révolutionnaire: recherches sur le cas occitan», *Mots*, 16, pp. 191-194.

18. Vid nota 14.

19. Cl. Mauron y F. X. Emmanuelli, que reproducen e comentan o mesmo texto afirman tamén, como Martel, que a información dada en occitano é menor, pero non comparten esta interpretación, que consideran un reflexo das pantasma dos occitanos modernos». (Cl. Mauron e F. X. Emmanuelli, eds., *Textes politiques de l'époque révolutionnaire en langue provençale. I: textes en prose (discours - adresses-traductions)*, Saint-Rémy-de-Provence: Centre de Recherches et d'Études Méridionales, 1986, pp. 13-27).

cesores. En definitiva, tras este rápido percorrido pola literatura occitana destes dous séculos plenamente somerxidos no que poderíamos chamar o período escuro das letras de Oc, só nos queda insistir no interese que presenta desde variados puntos de vista. Desde unha perspectiva estrictamente literaria, pola innegable calidade dalgunha destas obras (e podemos sinalar a modo de exemplo a produción de Goudoulin ou de Jean Baptiste Favre, e moitos outros autores e obras que merecerían un estudio detallado); desde un punto de vista lingüístico e sociolingüístico, polo valor destes escritos como testemuñas do estado do occitano nestos séculos e do compromiso, a miúdo expresado claramente, dos escritores coa súa lingua; e, finalmente, tamén desde un punto de vista etnolóxico, como fieis reflexos da sociedade occitana, de acontecementos e costumes hoxe esquecidos.

*M<sup>a</sup> Carmen Alén*  
Universidade de Santiago